

argallando na cociña

PABLO PICASSO

Pablo Picasso (1881-1973) foi un artista malagueño coñecido por ser un dos máximos expoñentes do CUBISMO, que é unha das primeiras vangardas artísticas que racha coa perspectiva tradicional, coa nosa forma habitual de ver as cousas. Trata as figuras da natureza como figuras xeométricas, fragmentando liñas e superficies, e conseguindo así unha "perspectiva múltiple", como se puidésemos ver un mesmo obxecto desde diferentes puntos de vista. Non existe un punto de vista único. A obra cobra autonomía con independencia do que representa. Ás veces ata deixamos de recoñecer o que está representando!



*Esta obra é Cabeza de Muller.
Que obxectos identificas?
Por que crees que ese é o seu nome?*

Picasso dedicou gran parte da súa obra a elementos relacionados coa comida e os utensilios de cociña. Un exemplo disto son as obras "Figura con cazo" e "Cabeza de muller", feitas a partir de utensilios e materiais de cociña. É común nel utilizar técnicas e materiais pouco convencionais. Utis culinarios como o cazo ou o colador, pódense tomar prestados para formar por exemplo a cabeza dunha figura.

Grazas ao potencial suxestivo do obxecto dacordo co seu contexto de uso, Picasso fai un xogo de METAMORFOSE.

A forma de abordar estes traballos achégase moito ao BRICOLAXE: actividade manual que se realiza sen recurrir a mans profesionais.

A METAMORFOSE

Actividade para todos

- **MATERIAIS:**
Utensilios de cociña
Materiais de reciclaxe: papel, cartón, plástico, etc.
Corda, fío ou lá.
Cinta de carroceiro ou esparadrapo (non é imprescindible).


A cociña vaise converter hoxe no noso novo estudo de artista, onde imos a traballar e onde atoparemos os nosos materiais.

1. Comeza seleccionando utensilios de cociña ou utís dos que dispoñas porque imos facer a túa escultura. Argalla nos caixóns, nos armarios, na despensa. En principio, é un traballo que pode facerse e desfacerse, así que os elementos pódense volver a utilizar. Podería ser unha escultura efémera!

2. Podes idear a túa figura baseándote nos obxectos escollidos. Para que serven habitualmente? Cal é a súa nova funcionalidade?

3. Para unir as pezas imos facer un ensamblaxe mediante corda, lá ou esparadrapo.

*Esta obra é Figura con Cazo.
Que podes ver aquí desta volta?
Que obxectos identificas?
Poríaslle outro nome?*



Vía museopicassomalaga.org

Como son as figuras?

Son cousas concretas ou abstractas?
Por que escolleches eses obxectos?
Como condicionan eses obxectos á escultura resultante?

Podemos facer varias esculturas en familia. As nosas creacións poden comunicarse e podemos ver como interaccionan entre si.

Como lles chamarías?

Podería tratarse de novas mascotas da cociña!

Podes compartirme!!